

XEOGRAFÍA E HISTORIA – 1º ESO

Profesor: Juan Antonio Castro Maril

Correo electrónico: juanantonio.castro@edu.xunta.gal

1. CONTIDOS

No curso de 1º da ESO, a materia de Xeografía e Historia divídese en dous bloques, un de Xeografía e outro de Historia.

O bloque de Xeografía aborda o tema do estudo da Terra, o mundo físico (relevo, climas, auga, paisaxes, etc.) e relación entre o noso planeta e as persoas.

Por outra banda, o bloque de Historia trata a Prehistoria, o nacemento das primeiras civilizacións (Mesopotamia e Exipto), así como tamén as civilizacións grega e romana. Finalmente, abordaremos o tema de Hispania na Antigüidade.

Antes que calquera outra cousa, a materia debe entenderse como un proceso de construción persoal e colectiva. As ciencias sociais permiten, mellor que ningunha outra materia, acceder ás claves do comportamento humano. Así mesmo, reflexionando sobre a realidade xeográfica e histórica, permítenos adoptar unha visión crítica sobre a sociedade na que vivimos.

2. TEMPORIZACIÓN

A materia conta con tres sesións lectivas semanais. Suma, deste xeito, máis de cen sesións lectivas no curso.

No primeiro e no segundo trimestre está previsto abordar o bloque de Xeografía. Posteriormente, na segunda e na terceira avaliación comezaremos o traballo co bloque de Historia.

3. MATERIAL

Os materiais básicos de traballo son o manual da materia, que é “Xeografía e Historia 1º ESO. Proxecto construíndo mundos” (editorial Santillana), a aula virtual do profesor e a libreta.

En liña con isto último, o alumnado ten a obriga de traer diariamente un caderno ou follas nas que anotarán a información e os exercicios que realizarán nas aulas.

Así mesmo, o alumnado manterá unha conta operativa na aula virtual, pois funcionará como banco de recursos e nela realizaránse entregas de traballos e sosterase comunicación co profesor.

Ademais, é recomendábel que se conte cun enderezo de correo electrónico para a utilización de ferramentas tecnolóxicas en liña ou comunicacións que non poidan realizarse na aula virtual.

Eventualmente serán necesarios outros materiais (prensa, mapas, atlas...) que se deberán achegar a requirimento do profesor.

4. ACTIVIDADES A REALIZAR NA AULA

As tarefas que se realizarán na clase –e que serán motivo de avaliación por medio da observación directa e sistemática, a revisión do caderno, a análise das producións do alumnado e exames ou probas escritas– son as seguintes:

- Resolución de cuestións proporcionadas polo libro de texto ou o profesor.
- Resumos, esquemas e interpretacións de extractos do libro de texto ou de documentos fornecidos polo profesor.
- Elaboración e interpretación de gráficas, climogramas, pirámides de poboación, mapas históricos, liñas cronolóxicas, mapas visuais...
- Elaboración e interpretación de argumentos narrativos sobre os contidos tratados en aulas.
- Análise de gráficas, imaxes ou textos escritos.
- Participación en debates.
- Realización e exposición oral de traballos de documentación e investigación.
- Participación en actividades complementarias.

Estas mesmas actividades poderán ser encargadas como tarefa fóra das horas de clase.

5. IDIOMA

O idioma no que se imparte a materia é o galego. O alumnado ten a obriga de se expresar en galego naquelas materias en que este sexa o idioma vehicular, agás que se encontre exento da materia.

Dentro da lóxica flexibilidade, encárase ás/aos estudantes a utilizaren o galego nas súas comunicacións orais e escritas.

6. CUALIFICACIÓN

6.1. AVALIACIÓNS TRIMESTRAIS

A nota de cada avaliación trimestral calcularase a partir da media ponderada das probas escritas realizadas e do resto dos instrumentos de avaliación, segundo a seguinte distribución:

- O 60% da cualificación corresponderá á nota media das probas escritas.
- O 40% da cualificación corresponderá á nota media ponderada das diferentes producións realizadas polo alumnado (deberes, traballos, esquemas, redaccións, etc.).

Para considerar superada e aprobada a avaliación, será necesario obter unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.

6.2. AVALIACIÓN FINAL E RECUPERACIÓN

A nota final será a media aritmética das avaliacións trimestrais.

Se a finais de curso a media non é igual ou superior a 5 puntos, o alumnado nesta situación deberá realizar unha recuperación final das avaliacións suspensas. A cualificación desta proba substituirá ás notas dos trimestres suspensos sempre que a nota obtida sexa máis alta que as outras. Se a recuperación abrangue a totalidade da materia, a nota final será a obtida nesta proba global seguindo o criterio previamente citado.

6.3. APROXIMACIÓNS NAS CUALIFICACIÓNS

As notas finais das avaliacións trimestrais e finais teñen que ser expresadas en números enteiros sen decimais. A nota que figure no boletín seguirá os seguintes criterios: cando o decimal sexa igual ou superior a 0,6 a nota arredondarase ao enteiro superior; se é igual ou inferior a 0,5 arredondarase ao enteiro inferior.

7. AUSENCIA A PROBAS ESCRITAS

Cando unha alumna ou alumno non poida realizar algunha proba obxectiva de avaliación (exames) por motivo xustificoado deberá xustificar documentalmente a causa e realizará a proba ou probas cando as circunstancias permitan a súa realización. Este exame realizarase na primeira sesión de clase na que a alumna ou alumno se incorpore a clase. Se non puidera facerse antes da sesión da avaliación trimestral, a nota desa avaliación irá cos diferentes instrumentos de avaliación dos que se conte. Neste caso, esta nota de avaliación será considerada provisional e a alumna ou alumno deberá facer o exame que teña pendente en canto sexa posible, recalculándose posteriormente a nota da avaliación.

8. UTILIZACIÓN DE MÉTODOS FRAUDULENTOS EN PROBAS ESCRITAS E NOUTROS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

En calquera das avaliacións toda proba escrita recibirá unha nota de 0 se existe constancia, incluso a posteriori, de que o alumno/a copiou, se permitiu que outros copiasen ou se utilizou métodos fraudulentos durante a realización do exame (chuletas, intercambio de exames, uso de teléfono móbil, reprodutores de mp3, dispositivos de grabación, smartwatch, miniauriculares, intelixencia artificial ou calquera outro medio dixital, electrónico ou que permita o contacto co exterior).

No caso de que o alumno ou alumna non fose sorprendido in fraganti durante a realización da proba, ante a existencia de indicios claros de fraude (incongruencias na redacción, exhaustividade minuciosa en datos teóricos moi concretos fronte a partes prácticas en branco ou con erros graves, respostas perfectas a cuestións non plantexadas, mesma elección de opcións en varias probas, respostas literais palabra por palabra iguais a documentos en pdf ou webs doadamente localizables en internet -wikipedia, dicionarios, blogs, intelixencia artificial-...) quedará a criterio do departamento (reunido en sesión extraordinaria) o feito de cualificar cunha nota de 0 dita proba escrita. O profesorado das distintas materias poderá, en calquera caso, solicitar por parte do alumnado as aclaracións que considere oportunas para decidir a repetición da proba ou non.

No caso de actividades ou traballos individuais ou grupais que non fosen elaborados polo alumnado, senón por terceiras persoas ou mediante o uso de intelixencia artificial, estes serán cualificados cun 0. Do mesmo xeito, recibirán unha nota de 0 as actividades ou traballos que consistan exclusivamente nun 'copia e pega' de páxinas de Internet, programas informáticos, aplicacións ou ferramentas de intelixencia artificial.

9. HORARIO DE ATENCIÓN AO ALUMNADO E AOS RESPONSÁBEIS DO ALUMNADO

No horario do profesor contéplase unha sesión semanal (luns de 11:19 a 12:09) para a atención ás/aos responsábeis legais do alumnado. As citas de tutoría serán solicitadas mediante a plataforma Abalar ou o enderezo electrónico do profesor.

Así mesmo, a plataforma Abalar e o enderezo electrónico que figura no encabezado pódono empregar tanto as/os titoras/es legais como o alumnado para comunicar ao profesor calquera dúbida referente á materia. O servizo de mensaxería da aula virtual resulta tamén moi práctico para referir dúbidas.